



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA APOIAR A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DESTA ENTIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 28 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para a consolidación desta entidade ao través da contribución ao financiamento dos seus gastos de funcionamento e estrutura.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, clasificada como de interese industrial pola Orde do 28 de xaneiro de 2004 e de interese galego pola Orde do 23 de febreiro de 2004, ten por obxecto principal, contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios en Galicia mediante a xeración do coñecemento tecnolóxico, realizando actividades de I+D+i e desenvolvendo políticas de calidade, promoción e divulgación.

Para a consecución dos seus obxectivos A FCTGG conta cunha ampla experiencia no desenvolvemento de proxectos de interese para o sector e cos medios materiais e persoais para a consecución dos seus obxectivos.

Neste marco, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia consideran de interese **potenciar e consolidar a Fundación do Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia** co obxectivo de contribuír a sufragar gastos de estrutura e funcionamento desta entidade.





Que a tal fin, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 figura a aplicación orzamentaria nominativa 09.20.734A-481.1 para o desenvolvemento do presente Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces
Asinado dixitalmente na marxe

